

Cee difunde a obra de Rosalía de Castro



A bandeira galega colgará da fachada do concello todo febreiro

O vindeiro 24 de febreiro cumpriranse 179 anos do nacemento de **Rosalía de Castro** e o concello de Cee vén de anunciar as distintas actividades que se organizan dende o Servizo de Normalización Lingüística para difundir a obra da escritora e que algunhas delas se recollen na moción presentada polos membros do BNG de Cee.

Así, ao longo do mes de febreiro, permanecerá colgada na fachada principal da casa do concello a bandeira de Galicia xunto cuns versos de Rosalía. Ademais desta acción, o Servizo de Normalización Lingüística repartiu entre os locais de hostalería e librarías do municipio distintos poemas escritos por Rosalía de Castro co fin de dar a coñecer así un pouco máis da súa obra.



A biblioteca municipal acolle unha mostra bibliográfica

Pola súa banda, a biblioteca municipal “Francisco Mayán” acolle unha **mostra bibliográfica das obras de Rosalía de Castro**. A exposición componse de 59 libros procedentes do fondo bibliográfico da biblioteca ceense.

Ademais, os alumnos e alumnas dos diferentes centros educativos da comarca participarán no programa de **visitas guiadas** ás dependencias da biblioteca.